

# *Cursos e Seminarios, "Riveira Mar de Arousa"*

*Encontros Internacionais de xuventude*

## **Xustificación**

Os encontros Mar de Arousa, son cursos e seminarios que a través da formación en diversos ámbitos, congregan e interrelacionan a un grupo de mozos e mozas na capital do Barbanza, Riveira.

Responsables de asociacións xuvenís, técnicos de xuventude, animadores socioculturais, concelleiros, todos, teñen moito que decir e das súas experiencias sen ningunha dúbida tamén se nutrirán estas xornadas.

Congregar a un gran número de persoas co interese de formarse e interrelacionarse dotará dunha gran riqueza interdisciplinar ó marco que engloba "Mar de Arousa".

Os asistentes, ademais, durante unha semana coñecerán o emblemático entorno no que está ubicado o Barbanza, rico en xacementos turísticos como o Mirador da Curota, as Dunas de Corrubedo, o Dolmen de Axeitos, os Castros de Baroña, e a beleza dos pobos mariñeiros como Aguiño, Palmeira ou Pobra do Caramiñal.

## **Obxectivos**

- Formar en diversos ámbitos, culturais, deportivos, de ocio e tempo libre ós participantes conxugando sesións teóricas con sesións prácticas.
- Constituir un foro plural de intercambio de coñecementos e experiencias en ámbitos que "a priori" interesan á xuventude.
- Promocionar turisticamente a península do Barbanza, concretamente e de maneira máis intensa o Concello de Riveira
- Fomentar a interrelación entre os xóvenes do noso municipio cos da comarca e o resto do territorio nacional e internacional.

## **Temporalización**

Os encontros realízanse durante unha semana, normalmente a terceira de setembro. A recepción dos participantes con hospedaxe, levaráse a cabo o día previo a partir das 17:00h e os seminarios empezarán oficialmente coa inauguración das autoridades o día seguinte as 11:00h no Auditorio municipal.

O último día ás 12:00h darán por concluídas as xornadas coa entrega de diplomas de asistencia e a clausura oficial.

## **Contidos do ano 2005**

- Servicios de Salvamento nas praias: unha garantía de vida. Organización dun servizo de salvamento, Medios e Recursos. Vixilancia pasiva: prevención. A Vixilancia: métodos e estratexias. A intervención. Prácticas con moto de auga e zodiacs de salvamento.

- Aproveitamento do entorno natural, rural e urbano. Criterios para a selección de actividades. Nocions básicas de orientación: Xogo con e sin brúxula. Cabuiería. Iniciación ás técnicas de Rapell. Realización dunha actividade de aire libre.

- Iniciación ás actividades Náuticas. O mar no ámbito recreativo. A vela lixeira, o windsurf e o crucero. O Kaiak de mar. Campamentos náuticos. Academias e titulaicóns náuticas.

- Inmigración e inclusión social. Lexislación. Rede de apoio ó inmigrante. Intercambio de experiencias. Inclusión social e emprego.

## **Metodoloxía**

Cada un dos seminarios terá a súa propia estrutura e metodoloxía de traballo, no obstante as sesións serán de catro horas en xornada de mañana e de tres horas en xornada de tarde.

Todos os seminarios serán certificados por vintecinco horas lectivas das cales catro serán non presenciais.

Cada curso ou seminario, contará con un máximo de 25 participantes, preferentemente xóvenes maiores de 18 anos, responsables das Asociacións xuvenís, Técnicos de xuventude, Concelleiros/as, Animadores Socioculturais e profesionais que desenvolvan o seu traballo en áreas relacionadas cos contidos que se especifican en cada curso, ou xóvenes en xeral, que estén interesados na temática dos mesmos.